

Proxecto de decreto XX/201X, do XX de XX, do turismo activo na Comunidade Autónoma de Galicia

De conformidade co disposto no artigo 27.21 do Estatuto de autonomía, a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída a competencia exclusiva en materia de promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, reflicte no seu artigo 94 como medidas de fomento do turismo a diversificación da oferta turística mediante o impulso da súa segmentación a través do apoio ao desenvolvemento do turismo rural e de interior, citando, entre outras medidas, a realización de actividades de turismo activo. Nese mesmo artigo tamén se establece o necesario apoio ao desenvolvemento do turismo deportivo vinculado coas actividades de contacto coa natureza.

Nos últimos anos tense producido un incremento substancial do turismo experiencial. Destaca o incremento da demanda de actividades deportivas realizadas na natureza vinculadas á oferta das empresas de turismo activo. Ademais, obsérvase, unha maior oferta na variedade destas actividades. Así, é necesario brindar un novo marco xurídico que sirva para guiar tanto ás persoas usuarias de turismo como aos operadores turísticos, que teñen nestas actividades unha oportunidade de diversificación da oferta turística de Galicia.

O Decreto 42/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de axencias de viaxes, guías de turismo e turismo activo, en desenvolvemento da actualmente derogada Lei 9/1997, do 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo en Galicia, establecía no seu título III unha ordenación do turismo activo en Galicia. Coa entrada en vigor da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, faise necesario a aprobación dunha nova norma que substitúa ao citado Decreto 42/2001, do 1 de febreiro, para a súa adaptación ao disposto legalmente.

Así, respecto ao anterior, este decreto establece, entre outras novidades, unha nova definición da actividade de turismo activo, así como a clarificación do seu ámbito de actuación a todas as empresas que desenvolvan unha actividade de turismo activo no ámbito territorial de Galicia, independentemente do lugar da súa sede social. Tamén se reflicte explicitamente a exclusión do ámbito de aplicación deste decreto das actividades realizadas por diferentes entidades.

Modifícase o proceso para a alta dunha empresa no rexistro da Axencia Turismo de Galicia. Ademais, e para garantir a seguridade das persoas usuarias, regúlase a obrigatoria revisión dos equipos e materiais, o establecemento de novos seguros, como o de rescate, e tamén dun protocolo de actuación en caso de accidentes.



Establécese, así mesmo, un artigo sobre a protección do medio ambiente e o patrimonio cultural.

En pro dunha maior seguridade e calidade do servizo, defínense profusamente os requisitos de formación que debe ter o persoal técnico, diferenciando entre as figuras da persoa coordinadora e da monitora.

Este decreto consta de vinte e sete artigos estruturados en cinco capítulos, catro disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria, dúas disposicións derradeiras e catro anexos.

O capítulo I, baixo a rúbrica, “Disposicións xerais” regula o obxecto e o ámbito de aplicación; o concepto de actividades e de empresa de turismo activo, o caso particular das empresas establecidas fóra do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a normativa aplicable.

O capítulo II establece as obrigas das empresas, os requisitos dos equipos e materiais e outros asuntos, como o transporte das persoas usuarias, seguros, seguridade e prevención, protección do medio ambiente e do patrimonio cultural, deber de información, prezos e reservas, obrigas das persoas usuarias, e persoas usuarias menores de 18 anos.



O capítulo III dedícase ao persoal técnico, definindo os seus tipos, a calidade do servizo e os requisitos de titulación.

No capítulo IV regúlase o réxime para o exercicio da actividade das empresas de turismo activo.

O capítulo V regula o réxime sancionador.

As disposicións adicional primeira, segunda e terceira refírense respectivamente á información básica en materia de datos persoais, á modificación de formularios co fin de mantelos actualizados de conformidade coa normativa vixente e aos modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa á disposición das persoas interesadas.

Na disposición adicional cuarta contéplase o caso das regulacións sectoriais específicas.

A disposición transitoria única establece o réxime transitorio dos expedientes en curso á data de entrada en vigor deste decreto.

Contéplanse, así mesmo, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.



Finalmente, o decreto conta cun Anexo I no que se clasifican e se relacionan unha serie de actividades de turismo activo, a título meramente orientativo e sen prexuízo doutras que xa existan ou poidan xurdir.

O decreto foi sometido ao preceptivo informe do Consello do Turismo de Galicia, así como á consulta das organizacións máis representativas do sector e do Consello Galego de Consumidores e Usuarios.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura e Turismo, de acordo co Consello Consultivo e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do

DISPOÑO

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

1. O presente decreto ten por obxecto a ordenación do turismo activo no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Teñen a consideración de actividades de turismo activo as actividades de recreo, deportivas e de aventura que se practiquen servíndose basicamente dos recursos que ofrece a propia natureza no medio no que se desenvolvan, sexa este aéreo, terrestre de superficie, subterráneo ou acuático, e ás que lles é inherente o factor risco ou certo grao





de destreza ou esforzo físico para a súa práctica, relacionadas, a título orientativo, no Anexo I deste decreto. Quedan excluídas aquelas actividades nas que se precise dun elemento mecánico a motor como base esencial para a realización da actividade, sexa aéreo, terrestre ou acuático, tales como motonáutica, quads, motocross ou aviación deportiva.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. O presente decreto será de aplicación ás empresas de turismo activo con domicilio social no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terán a consideración de empresas de turismo activo aquelas persoas físicas ou xurídicas, de conformidade co artigo 33 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia dedicadas a proporcionar, de forma habitual e profesional, mediante prezo, as actividades de turismo activo ás que se refire o artigo 1 deste decreto.

2. Tamén será de aplicación ás empresas de turismo activo que realicen actividades no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia tendo a súa sede social noutras partes do territorio nacional, ou operen en réxime de liberdade de servizos no ámbito da Unión Europea.

Estas empresas someteranse ao previsto no presente decreto, unicamente, no directamente relacionado coa execución das actividades desenvolvidas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, e no referente aos seguros previstos no artigo 7.



3. Aplicarase igualmente ás empresas que aluguen material técnico para a práctica das actividades de turismo activo, que aparecen definidas no artigo 3 cando, ademais, realicen indicacións técnicas para o desenvolvemento da actividade, ou aluguen ou cedan dispositivos ou mapas para a realización de rutas propostas pola dita empresa.

4. Quedan excluídas do ámbito de aplicación do presente decreto as seguintes actividades:

a) As organizadas por federacións deportivas, naquelas modalidades e especialidades deportivas recollidas nos seus estatutos, cando realicen actividades ofertadas e/ou dirixidas exclusivamente ás persoas asociadas ou afiliadas á estas, ou realicen actividades de promoción das súas respectivas modalidades e especialidades ao abeiro do establecido no artigo 56.2 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia.

b) As organizadas por asociacións e organizacións deportivas, clubs deportivos e outras entidades sen ánimo de lucro, naquelas modalidades e especialidades deportivas recollidas nos seus estatutos, cando realicen actividades ofertadas e/ou dirixidas exclusivamente ás persoas asociadas ou afiliadas a estas, e non ao público en xeral, e non se publiciten ou promocionen.

c) As organizadas por centros de ensinanzas oficiais que realicen actividades complementarias extraescolares cando as funcións de coordinación e monitorización sexan realizadas polo persoal propio docente.

d) As organizadas por unha administración pública cando as funcións de coordinación e monitorización sexan realizadas polo persoal propio.



e) As actividades reguladas polo no Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude, cando as funcións de coordinación e monitorización sexan realizadas polo persoal propio dos centros promotores e realicen actividades propias da súa competencia.

5. A realización de actividades de turismo activo é exclusiva das empresas de turismo activo.

Artigo 3. *Normativa aplicable*

As empresas de turismo activo someteranse ás prescricións da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, o establecido neste decreto e á normativa sectorial que, de ser o caso, lles sexa de aplicación.

CAPÍTULO II

Obrigas e requisitos

Artigo 4. *Obrigas*

1. Son obrigas das empresas de turismo activo que promovan e desenvolvan as actividades que se regulan no presente decreto:

- a) Estar en posesión de todas as autorizacións sectoriais preceptivas para a realización das actividades de turismo activo no ámbito espacial e territorial elixido para o seu desenvolvemento.
- b) Presentar a declaración responsable de inicio da actividade ou comunicación de modificación de datos ou cesamento da actividade que proceda.
- c) Manter a calidade dos servizos que presta.
- d) Dispoñer de equipos e materiais homologados.

- e) Contar con persoal coordinador e monitor coas titulacións ou cualificacións profesionais que se definen no capítulo III deste decreto.
 - f) Seguir as medidas de seguridade, saúde e autoprotección descritas no artigo 8 deste decreto.
 - g) Colaborar coa limpeza do territorio onde actúen e non proxectar aos espazos públicos ou protexidos residuos, cheiros, ruídos e outras causas de molestia.
 - h) Dispoñer dun procedemento ou protocolo, por escrito, de cada actuación en caso de accidente ou emerxencia, adecuado ás distintas actividades que se realicen, tal e como se establece no artigo 8.
 - i) Reunir as condicións de seguridade e garantías de uso nas instalacións, equipos e materiais.
 - j) Cumprir o reflectido no artigo 9 deste decreto en relación á preservación do medio ambiente e o patrimonio cultural.
 - k) Dispoñer dun libro de visitas da inspección turística á disposición das inspectoras e inspectores de turismo.
 - l) Ter á disposición das persoas usuarias das follas de reclamacións de turismo, que lles serán facilitadas de forma inmediata cando aquelas as soliciten.
 - ll) Calquera outra obriga que se estableza legal ou regulamentariamente.
2. As empresas de turismo activo promoverán a formación continua do persoal coordinador e monitor sobre os aspectos técnicos das respectivas actividades que desenvolvan, e tamén sobre seguridade e prevención de riscos, xestión de emerxencias, auto rescate e primeiros auxilios na natureza e no medio ambiente.

3. As empresas de turismo activo que teñan contratadas a persoas traballadoras por conta allea, darán o debido cumprimento á Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais e normativa aplicable que a desenvolva, especialmente avaliando os riscos e adoptando as medidas preventivas necesarias para aqueles postos de traballo que se desenvolvan no medio natural.
4. As empresas de turismo activo deberán estar en posesión dunha certificación negativa expedida polo Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, no caso de traballo con persoas menores de idade por parte do persoal coordinador e monitor.
5. Se durante a realización dunha actividade de turismo activo se producise algún accidente ou incidente no que teñan intervido persoal de protección civil, dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado ou se teña producido unha asistencia médica, o persoal coordinador e monitor deberá cumprimentar un informe que detalle os feitos producidos, así como prestar toda a colaboración posible, tanto á empresa como ás autoridades, para o esclarecemento dos feitos.

Artigo 5. *Equipos e materiais*

1. Os equipos e materiais que as empresas de turismo activo poñan a disposición das persoas usuarias haberán de estar homologados polos organismos competentes, segundo a actividade de que se trate, e reunir as condicións de seguridade e garantías necesarias para o uso a que estean destinados. Así mesmo, todos estes equipos e materiais deberán dispoñer da correspondente ficha de rastrexabilidade.

2. As empresas de turismo activo serán responsables de manter en condicións de uso adecuado os equipos e materiais, e nomearán a unha persoa responsable da seguridade dos mesmos aos efectos de interlocución coa Axencia Turismo de Galicia.

3. As empresas de turismo activo deberán realizar anualmente unha revisión dos equipos e materiais empregados. Deberán deixar constancia documental avalada pola persoa responsable de seguridade acerca da realización desta revisión.

4. As empresas de turismo activo estarán obrigadas a poñer a disposición das persoas usuarias das súas actividades o material de protección axeitado á actividade que se vaia realizar e ao talle das mesmas. Asemade, as empresas de turismo activo deberán garantir a existencia de equipos e materiais adecuados ás características fisiolóxicas e talle das persoas usuarias, sexan homes ou mulleres ou persoas menores ou adultas.

Artigo 6. Transporte das persoas usuarias

1. Consideraranse transportes terrestres privados complementarios os que leven a cabo as empresas de turismo activo como complemento necesario ou adecuado para o correcto desenvolvemento das actividades principais que as ditas empresas realicen.

2. Para o exercicio desta actividade complementaria de transporte terrestre, as empresas virán obrigadas a ter cuberta, de forma ilimitada, a responsabilidade civil polos danos persoais que se poidan causar ás persoas usuarias con ocasión do transporte.

3. A circulación de calquera tipo de vehículo por espazos forestais e/ou con algunha figura de protección de carácter medio ambiental suxeitarase, en todo caso, á normativa sectorial que sexa de aplicación.

Artigo 7. Seguros



1. As empresas de turismo activo deberán subscribir un contrato de seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos e prexuízos imputables á empresa pola oferta e práctica das actividades de turismo activo que realice. A contía de devandito seguro deberá ser adecuada e suficiente á actividade desenvolvida e, en calquera caso, a contía mínima de cobertura será de 600.000 euros por sinistro, cunha franquía, de ser o caso, non superior aos 600 euros.
2. Así mesmo, as empresas de turismo activo deberán contar cun seguro de asistencia ou accidentes, que cubra o rescate, traslado e asistencia derivados dos accidentes producidos no desenvolvemento das súas actividades de turismo activo. Neste caso establécese unha contía mínima de 30.000 euros sen que a franquía, de ser o caso, supere os 600 euros.
3. Os contratos de seguro deberán manterse en vigor durante todo o tempo de prestación das actividades.
4. Estes seguros esíxense igualmente ás empresas de turismo activo ás que fai referencia o punto 2 do artigo 2. No caso de ter xa contratados os citados seguros por unha contía inferior e/ou unha menor cobertura, será esixida unha garantía complementaria para igualar o esixido por este decreto.
5. As empresas deberán ter a disposición da Axencia Turismo de Galicia o recibo acreditativo do pago das pólizas dos seguros.

Artigo 8. *Seguridade, saúde e autoprotección*

1. O persoal responsable da empresa, coordinador e monitor, velará pola seguridade e integridade física das persoas usuarias, de acordo cos criterios dunha racional e prudente



práctica, adoptando cantas medidas sexan precisas para iso, dun modo acorde coa actividade que se realice e as circunstancias existentes en cada momento.

2. As empresas, para cada actividade que se oferte, deberán contar cun protocolo, por escrito, de seguridade, saúde e autoprotección en caso de accidentes, adecuado á normativa vixente na materia. Este protocolo deberá comunicarse á persoa usuaria ou cliente xunto coa oferta da actividade, e en todo caso antes do inicio desta, así como ao órgano competente en materia de protección civil da Xunta de Galicia, dándoselle a máxima publicidade que fose posible.

3. No caso de que as empresas fagan modificacións respecto ao protocolo achegado inicialmente, ou de que alteren ou amplíen as actividades que exerzan, deberán efectuar unha nova comunicación nos termos sinalados no apartado anterior.

4. Os equipos e o material que as empresas poñan a disposición das persoas usuarias deberán cumprir co disposto no artigo 5 deste decreto.

5. As empresas de turismo activo deberán observar as seguintes medidas xerais de seguridade:

a) Antes do inicio da actividade, deberá informarse ás persoas usuarias sobre os aspectos de seguridade e prevención descritos neste artigo, así como sobre o adecuado emprego dos equipos e do material.

b) O persoal coordinador e monitor que acompañe ás persoas usuarias nas actividades, ademais de reunir os requisitos descritos no capítulo III, deberá estar informado e formado para a aplicación do protocolo de seguridade, saúde e autoprotección en caso de



accidentes, e deberá dispoñer da oportuna identificación que permita a súa localización dentro do grupo.

c) O número máximo de persoas usuarias por persoa monitora será o óptimo para o adecuado control do grupo, a progresión fluída e a aplicación eficaz das normas de seguridade e prevención de accidentes, en función do tipo de actividade a realizar e das condicións do medio natural nas que se realizará esta.

d) No caso de actividades acuáticas, especialmente no medio mariño, a persoa usuaria deberá declarar por escrito que posúe un nivel de natación adecuado á actividade que vai realizar.

e) O persoal coordinador ou monitor advertirá e dará instrucións específicas antes dos tramos, puntos ou momentos da actividade de maior dificultade, para previr perigos e riscos.

f) O persoal coordinador ou monitor poderá limitar e mesmo prohibir a participación nas actividades a aquelas persoas que, como consecuencia do seu estado psicofísico ou por carecer do material técnico necesario, non estean facultadas ou en disposición de desenvolverlas coa seguridade necesaria.

g) As empresas terán en conta, antes de comezar as actividades, as predicións meteorolóxicas co maior grao de detalle xeográfico e temporal posible. O persoal coordinador ou monitor, co obxectivo de previr accidentes, poderá modificar horarios, itinerarios ou formas de realizar a actividade, así como suspender o inicio ou a continuación da mesma, cando as condicións meteorolóxicas, o estado do terreo ou do medio no que se vai realizar a actividade, ou as características das persoas que





participen, así o requiran. En caso de alerta ou activación dalgún Plan de Protección Civil que poida afectar concretamente ás actividades que se vaian realizar, deberase extremar a precaución, podendo modificar horarios, itinerarios ou formas de realizar a actividade, e mesmo suspender total ou parcialmente a súa realización.

h) O persoal coordinador ou monitor viviará que todas as persoas participantes leven ben posto o equipamento específico da actividade, especialmente o de protección e seguridade, e que se cumpren as instrucións de actuación ou seguridade dadas.

i) O persoal coordinador ou monitor, de ser o caso, que acompañe ás persoas usuarias debe dispoñer, durante toda a actividade, dunha caixa de primeiros auxilios e dun aparello que facilite a comunicación directa tanto co persoal responsable da empresa como cos servizos públicos de emerxencia e rescate. Ademais, en aquelas actividades que requiran un desprazamento polo medio natural, deberán ter un terminal electrónico para o posicionamento xeográfico global.

j) No caso de actividades acuáticas e subacuáticas, ou daquelas que se realicen dentro dunha área delimitada, é suficiente con que os medios citados no parágrafo anterior estean dispoñibles no punto máis próximo posible ao lugar onde se estea desenvolvendo a actividade.

6. A Axencia Turismo de Galicia poderá establecer unhas normas mínimas de seguridade e calidade na práctica das distintas actividades de turismo activo.

Artigo 9. Protección do medio ambiente e do patrimonio cultural



1. As empresas de turismo activo, no desenvolvemento das súas actividades, axustaranse ao disposto na normativa de medio ambiente e de patrimonio cultural, adoptando as medidas necesarias que garantan a súa protección.
2. Deberán solicitar as autorizacións que sexan esixibles ante as diferentes administracións con competencias en protección do medio ambiente e do patrimonio cultural.
3. As empresas de turismo activo estarán obrigadas a participar eficazmente no mantemento do medio natural e do patrimonio cultural onde realicen as súas actividades adoptando as medidas necesarias dirixidas a evitar o impacto da súa actividade naquel, e promoverán unha formación continuada ao seu persoal en relación con esta obriga.

Artigo 10. *Prezos e reservas*

1. Aos prezos de cada unha das actividades realizadas polas empresas de turismo activo daráselles a máxima publicidade, debendo figurar na páxina web así como nun lugar visible no interior dos locais das empresas, de ser o caso. No prezo básico ofertado para cada actividade deberase incluír obrigatoriamente o servizo do uso do material mínimo de seguridade.
2. As empresas de turismo activo poderán esixir a quen efectúe unha reserva un anticipo do prezo en concepto de sinal, que se entenderá a conta do importe resultante das actividades realizadas. O documento que formalice a reserva detallará as condicións de pago e o réxime de anulación da mesma, tanto por causas imputables ás persoas usuarias como á empresa.





3. As persoas usuarias teñen a obriga de satisfacer o prezo das actividades facturadas no tempo e lugar convidados. Á falta de acordo expreso entre as partes entenderase que o pago debe ser efectuado tras a realización das actividades, no momento en que lles fose presentado o cobro, sen prexuízo de que se poida esixir algún pago por anticipado.

4. Con anterioridade ao inicio da actividade, e para responder da perda ou deterioración dos equipos e materiais que puidese ser imputable ás persoas usuarias, debido a un uso anormal ou negligente dos mesmos, as empresas poderán esixir á persoa usuaria o depósito dunha cantidade en concepto de fianza non superior a dous centos euros. Á finalización da actividade a fianza será reintegrada.

Artigo 11. *Deber de información ás persoas usuarias*

1. En todos os soportes promocionais deberá reflectirse a signatura asignada como empresa de turismo activo de Galicia.

2. Antes de iniciar a práctica da actividade, as empresas de turismo activo deberán informar por escrito ás persoas usuarias, aceptándose os medios telemáticos, dos aspectos inherentes á calidade, seguridade e dificultade das actividades que se van realizar. Así mesmo, no momento de dar comezo á realización da actividade deberá facerse unha breve exposición, en persoa, dos citados aspectos.

3. Esta comunicación incluírá unha declaración por parte da persoa usuaria de comprender e aceptar a información e o compromiso de obedecer e atender as ordes e instrucións que se emitan polo persoal responsable para salvagardar a súa seguridade e a protección do medio ambiente, así como para a realización dunha axeitada actividade.

4. Informarase ás persoas usuarias, polo menos, dos seguintes extremos:



- a) A actividade a desenvolver e duración da mesma, con indicación dos destinos e itinerarios a percorrer.
- b) A dificultade da actividade, condición física e coñecemento técnico necesarios para a súa realización, así como a idade mínima recomendable ou esixible, de ser o caso, para a súa práctica.
- c) Riscos efectivos e potenciais que se derivan da actividade, así como tamén os comportamentos que deben seguirse en caso de perigo.
- d) Persoal técnico necesario para o desenvolvemento de cada actividade e o número mínimo e máximo de persoas usuarias, así como da titulación do persoal monitor que acompañarán ao grupo.
- e) Equipo e material que debe empregarse por parte das persoas usuarias no caso de que non o proporcione a empresa.
- f) Medidas que deben adoptarse para preservar a contorna, informando expresamente acerca da normativa de protección do medio ambiente e do patrimonio que, no seu caso, resulte aplicable. No caso de que a actividade transcorrese por zonas de bosque deberá facilitarse explicacións sobre á prevención de incendios forestais. As instrucións deberán efectuarse de forma clara, didáctica e práctica.
- g) A existencia das pólizas de responsabilidade civil e de asistencia en accidentes, con indicación da entidade aseguradora, das coberturas e das actividades que comprende.
- h) Prezo das actividades ofertadas e as consecuencias da anulación das actividades e do desistencia da persoa usuaria.
- i) Existencia de folia de reclamacións de turismo.



j) Condicións de formalización do contrato.

k) A contía do depósito que se constituía para responder pola perda ou deterioración de equipos e material, no seu caso.

5. Cando as persoas usuarias formen parte dun colectivo previamente organizado, bastará con que conste por escrito que a información foi recibida e aceptada pola persoa que teña contratada a actividade, sendo obrigación desta a súa correcta transmisión ás persoas que conforman o colectivo. En tales supostos, quedará debidamente identificada tanto a persoa responsable como a entidade ou organización á que pertenza o colectivo.

Artigo 12. Obrigas das persoas usuarias

1. As persoas usuarias deberán en todo momento seguir as instrucións que reciban do persoal coordinador e monitor, así como utilizar o material indicado polos mesmos.

2. As persoas usuarias manterán en todo momento unha conduta favorable á conservación dos recursos naturais e culturais, á súa seguridade persoal así como á do resto de persoas usuarias das actividades.

3. Así mesmo, deberán abonar á empresa de turismo activo o prezo fixado polas actividades realizadas, sen que o feito de efectuar unha reclamación lles exima do pago.

4. As persoas usuarias informarán, antes do inicio da actividade, acerca da súa adecuación psicofísica para a realización da actividade. En particular, deberán poñer en coñecemento do persoal coordinador ou monitor calquera circunstancia que poida levar á falta de idoneidade das súas condicións persoais, ou do equipo e material achegado pola persoa usuaria, de acordo coa información obtida respecto diso ao abeiro do previsto no artigo 11.





5. As persoas usuarias non poderán participar nas actividades baixo a influencia do alcol ou de calquera sustancia que poida alterar as súas capacidades psicofísicas.

Artigo 13. *Persoas usuarias menores de 18 anos*

Para a participación de persoas menores de 18 anos nas actividades reguladas neste decreto, as empresas deben ter constancia, previamente e por escrito, da autorización ou asistencia das persoas titulares da patria potestade ou titoras da persoa menor de idade, na que debe figurar a identificación da actividade.

CAPÍTULO III

Persoal técnico

Artigo 14. *Tipos de persoal técnico*

1. As empresas de turismo activo deberán contar, para cada actividade, coas seguintes figuras:

- a) Persoa coordinadora, que realizará as funcións de planificación, supervisión e avaliación da actividade, así como a coordinación do persoal monitor.
- b) Persoa monitora, que dirixirá a actividade, asesorando, guiando e acompañando ás persoas usuarias durante a preparación e execución da actividade.
- c) Persoa responsable da seguridade dos equipos e materiais, de conformidade co disposto no artigo 5.2.

2. As empresas de turismo activo poderán ter unha única persoa que realice as citadas funcións e, no caso de que interveñan dúas ou máis persoas como persoal técnico, deberase especificar claramente as funcións de cada unha delas, garantindo que existen persoas responsables de cada unha das figuras aquí establecidas.



Artigo 15. *Calidade do servizo*

1. Co fin de garantir a calidade das actividades ofertadas destinarase o persoal coordinador e monitor suficiente para o desenvolvemento das actividades, tendo en conta o número de persoas usuarias obxecto de atención e a natureza da actividade a realizar.
2. O persoal coordinador e monitor deberá estar en posesión de titulación, ou reunir a cualificación profesional que resulte esixible pola normativa de aplicación, axeitada á actividade a desenvolver. No caso de que por medio de dita titulación ou cualificación profesional non poida acreditar formación ou competencias en primeiros auxilios, deberá dispor dun título de primeiros auxilios. Así mesmo, deberán ter unha competencia lingüística suficiente para comunicarse coas persoas usuarias. En caso contrario, as ditas persoas usuarias deberán prestar o seu consentimento, por escrito, de que aceptan realizar a actividade a pesar das limitacións de comunicación que poidan xurdir derivadas do descoñecemento do idioma.
3. A Axencia Turismo de Galicia poderá establecer, mediante resolución da persoa titular da Dirección, unha ratio de persoal monitor e número de persoas ao seu cargo, atendendo ao maior risco que tales actividades impliquen no seu desenvolvemento, a un notable incremento na demanda das actividades ou á produción dun alto número de incidencias. Así mesmo, poderá establecer a obriga de dispoñer de material de seguridade, individual ou colectivo, como caixa de primeiros auxilios, para o desenvolvemento das citadas actividades.
4. As empresas de turismo activo levarán un rexistro de todas as incidencias, altas, baixas, e substitucións que afecten ao seu persoal técnico.



Artigo 16. Requisitos de titulación para a figura da persoa coordinadora

1. Para as funcións de coordinación deberá acreditarse a posesión dalgunha das seguintes titulacións:

- a) Grao en ciencias da actividade física e do deporte, ou estudos equivalentes.
- b) Mestrados e cursos de postgrao en dirección de actividades de turismo activo ás que fai referencia este decreto.
- c) Diplomatura en educación física, ou estudos equivalentes.
- d) Técnico superior en animación de actividades físicas e deportivas.
- e) Técnico deportivo, de acordo co Real Decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivos de réxime especial. Tamén aquelas titulacións equivalentes desenvolvidas ao abeiro da Orde EDU/3186/2011, do 7 de decembro, pola que se regulan os aspectos curriculares, os requisitos xerais e os efectos das actividades de formación deportiva aos que se refire a disposición transitoria primeira do Real Decreto 1363/2007, do 24 de outubro.
- f) Certificado de profesionalidade que sexa equivalente ás titulacións descritas neste apartado.

2. Tamén poderán acreditarse aquelas titulacións obtidas no estranxeiro sempre que estean debidamente homologadas pola autoridade competente na materia.

Artigo 17. Requisitos de titulación para a figura da persoa monitora

1. Para as funcións da persoa monitora deberá acreditarse a posesión dalgunha das seguintes titulacións ou diplomas:



- a) As mesmas titulacións admitidas no artigo anterior para as funcións de coordinación, sempre que ademais se teña superado, sexa no propio plan de estudos de ditas titulacións ou sexa mediante a realización doutros estudos ou formacións, polo menos, unha materia sobre a modalidade ou especialidade deportiva correspondente
- b) Técnico en conducción de actividades físico-deportivas no medio natural.
- c) Curso de técnico deportivo de nivel 1 ou de nivel 2 na modalidade ou especialidade deportiva correspondente, dalgunha das titulacións reguladas pola normativa á que se refire o apartado e) do artigo anterior.
- d) Certificado de profesionalidade da modalidade ou especialidade deportiva correspondente.
2. Tamén poderán acreditarse aquelas titulacións obtidas no estranxeiro sempre que estean debidamente homologadas pola autoridade competente na materia.
3. En calquera suposto, o persoal monitor deberá estar en posesión da titulación correspondente esixida pola lexislación náutica, subacuática e aeronáutica para a instrución e acompañamento das persoas usuarias nos casos en que o esixa a citada lexislación.
5. Naquelas modalidades ou especialidades deportivas que non teñan implantadas as formacións para a obtención dos títulos de técnico deportivo e técnico deportivo superior, e tampouco estean desenvolvidos os procesos para a obtención do correspondente certificado de profesionalidade, tamén serán válidos os diplomas expedidos polas federacións deportivas e administracións das comunidades autónomas con anterioridade ao 15 de xullo de 1999, data na que entrou en vigor a Orde do 5 de xullo de 1999, pola





que se completan os aspectos curriculares e os requisitos xerais das formacións en materia deportiva ás que se refire a disposición transitoria primeira do Real Decreto 1913/1997, do 19 de decembro, así como os diplomas deportivos expedidos polas federacións deportivas a partir da dita data, cando se acredite que a súa realización contou coa autorización da administración da comunidade autónoma correspondente.

6. O disposto no número 3 non se aplicará unha vez transcorridos tres anos desde a data de implantación da formación para a obtención do título de técnico deportivo ou técnico deportivo superior na modalidade ou especialidade correspondente, ou do desenvolvemento do proceso para a obtención do correspondente certificado de profesionalidade.

CAPITULO IV

Réxime para o exercicio da actividade

Artigo 18. Forma de presentación das solicitudes e comunicacións e documentación

1. As declaracións responsables reguladas neste decreto presentarase pola vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

A este respecto, no caso das persoas físicas titulares de empresas de turismo activo considérase que por razón da súa actividade profesional queda acreditado que teñen acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios.

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes





efectos, considerarase a todos os efectos como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá utilizarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e chave Chave365 (<https://sede.xunta.es/chave365>).

2. A documentación complementaria deberase presentar electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior.

A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirille á persoa interesada a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Artigo 19. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación destes procedementos consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas Administracións públicas:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante
- b) NIF da entidade solicitante

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes

Artigo 20. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude.

Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común

Artigo 21. *Inicio da actividade*

1. As empresas de turismo activo con domicilio social en Galicia deberán presentar, ante a área provincial da Axencia de Turismo de Galicia na que dita empresa teña o seu domicilio social, e con anterioridade á data de inicio das súas actividades, unha declaración responsable, na que manifesten o cumprimento dos requisitos previstos neste decreto e nas normas que o desenvolvan, e o compromiso de mantelos durante o tempo de vixencia da súa actividade, mediante os modelos normalizados previstos no anexo II.

2. As empresas de turismo activo que desenvolvan actividades no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia tendo o seu domicilio social noutras partes do territorio nacional, ou operen en réxime de liberdade de servizos no ámbito da Unión Europea, deberán presentar, ante a área provincial da Axencia Turismo de Galicia na que vaian desenvolver a súa primeira actividade, e antes do inicio dela, unha declaración responsable na que manifesten o cumprimento dos requisitos directamente relacionados coa execución das actividades e co referente aos seguros, para o cal empregárase o modelo normalizado previsto no anexo III.

No caso de que as actividades de turismo activo a desenvolver na nosa Comunidade Autónoma teñan carácter ocasional ou temporal, as empresas de turismo activo deberán presentar unha declaración responsable, segundo o modelo do anexo III, con



anterioridade ao inicio de cada actividade de que se trate, indicando as datas nas que se van a realizar.

3. Ambas declaracións presentaranse previo pago das correspondentes taxas, de conformidade co disposto no artigo 14.1.b) da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Para o caso das empresas ás que se refire o parágrafo segundo do apartado 2, chegará con pagar as taxas antes do inicio da primeira actividade, e presentar o xustificante de pagamento destas antes do inicio das seguintes actividades.

4. Coa declaración responsable xuntarase:

a) Memoria de actividades que inclúa unha breve descrición das actividades de turismo activo, dos materiais que contan para a súa realización, do persoal adscrito á empresa e da disposición dun local, no seu caso.

b) Documento acreditativo do pagamento das taxas correspondentes.

Artigo 22. Efectos da presentación da declaración responsable

1. A empresa de turismo activo queda habilitada, desde o día da súa presentación, para o desenvolvemento da actividade de que se trate, sen prexuízo do cumprimento das demais obrigas esixidas noutras normas que lle resulten aplicables.

2. Se a declaración responsable contén algunha deficiencia ou omisión, de carácter esencial, nos datos ou manifestacións, ou non se achega a documentación esixida neste decreto, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de 10 días, emende a falta, con indicación de que, se así non o fixer, se procederá nos termos previstos no artigo 25.2.



Artigo 23. Inscripción no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia

1. Atendendo á declaración responsable, debidamente cuberta conforme as previsións deste decreto, a área provincial da Axencia Turismo de Galicia correspondente inscribirá de oficio á empresa no Rexistro de Empresas e Actividades turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia e emitirá un documento que acredite tal inscrición, salvo que se omitisen datos ou documentos de carácter esencial ou se desprenda da declaración que non reúne os requisitos previstos neste decreto para a inscrición solicitada.

2. A citada inscrición, coa signatura asignada, notificaráselle á persoa interesada no prazo máximo de 15 días desde que a declaración responsable teña entrada no rexistro da área provincial correspondente da Axencia Turismo de Galicia.

Artigo 24. Actuación administrativa de comprobación

Á área provincial correspondente efectuará as comprobacións, controis e inspeccións necesarias relativas á veracidade dos datos declarados, ao cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, e aos establecidos neste decreto e demais normativa que o desenvolva. En particular, comprobaranse os seguintes extremos:

- a) Que a empresa de turismo activo cumpre cos requisitos establecidos na Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia e co previsto neste decreto.
- b) Documento acreditativo da personalidade xurídica da persoa solicitante.
- c) Título ou contrato que probe a libre dispoñibilidade, por parte da persoa titular, do local onde se exerce a actividade. Se a titularidade corresponde a unha persoa xurídica,



escritura de constitución da sociedade e poderes da persoa solicitante para o caso de que non se deduza claramente da escritura social.

d) Pólizas dos seguros de responsabilidade civil e de accidentes que sexan preceptivos en cada caso.

e) Titulación esixida ao persoal coordinador e monitor segundo o disposto neste decreto.

f) Equipos e materiais precisos para o exercicio da actividade de turismo activo e que estes estean homologados polos órganos competentes.

g) Plan de seguridade, saúde e autoprotección.

Artigo 25. *Resolución*

1. A área provincial correspondente da Axencia Turismo de Galicia, unha vez tramitado o oportuno expediente, e logo de audiencia á persoa solicitante, elevarao, xunto co seu informe, á persoa titular da dirección da Axencia Turismo de Galicia, que ditará a resolución que corresponda.

2. A comprobación polos órganos competentes da inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, dos datos declarados, así como a non presentación da declaración responsable, a non dispoñibilidade da documentación preceptiva, ou o incumprimento dos requisitos que resulten de aplicación, determinarán a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, en consonancia co disposto no artigo 106 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, e sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que poidan dar lugar.



A persoa titular da dirección da Axencia Turismo de Galicia, ditará, logo de audiencia á persoa interesada, a oportuna resolución que declare tales circunstancias, e acordará a cancelación da inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, a resolución determinará expresamente a imposibilidade de presentar unha nova declaración responsable co mesmo obxecto durante o prazo que, de forma motivada, se estableza na dita resolución, que como mínimo será de dous meses e como máximo de seis, e poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao exercicio da actividade.

3. Para os efectos do establecido no número anterior, considérase de carácter esencial aquela inexactitude, falsidade ou omisión en calquera dato, manifestación ou documento incorporado á declaración responsable que afecte aos seguros e documentación complementaria que, no seu caso, fosen exixibles segundo o disposto neste decreto.

4. A resolución ditarase e notificarase no prazo máximo de tres meses, contados desde a entrada da documentación completa, prevista neste artigo, no rexistro da área provincial correspondente da Axencia Turismo de Galicia

Transcorrido este prazo sen que se dite e notifique resolución expresa, entenderase que os datos recollidos na declaración responsable presentada se axustan aos requisitos esixidos na normativa vixente.

Artigo 26. Cambios non substanciais e cesamento da actividade

1. Os cambios de titularidade, cambios na escritura social e aqueloutros que non supoñan reformas substanciais, así como os cesamentos de actividade, tan só requirirán da súa

comunicación á área da Axencia Turismo de Galicia da provincia na que empresa de turismo activo teña o seu domicilio social.

2. A comunicación efectuarase mediante modelo normalizado, previsto no anexo IV, no prazo máximo de 10 días desde que se producise o cambio ou o cesamento da actividade para os efectos da súa anotación no Rexistro de Empresas e Actividades de Turísticas.

3. A comunicación dos cambios non substanciais e do cesamento da actividade elevarase, xunto cun informe, á dirección competente por razón da materia da Axencia Turismo de Galicia, que procederá á anotación no Rexistro de Empresas e Actividades de Turísticas dos cambios producidos ou do cesamento da actividade.

CAPÍTULO V

Réxime sancionador

Artigo 27. Infraccións e sancións

O incumprimento do disposto neste decreto dará lugar ás sancións que, se é o caso, correspondan, conforme a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.

Disposición adicional primeira. Información básica sobre protección de datos persoais

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Axencia Turismo de Galicia coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos, no propio formulario anexo e nas

referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Disposición adicional segunda. *Actualización de modelos normalizados*

Os modelos normalizados aplicables na tramitación do procedemento regulado na presente disposición poderán ser modificados co obxecto de mantelos actualizados e adaptados á normativa vixente. A estes efectos, será suficiente a publicación destes modelos adaptados ou actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas.



Disposición adicional terceira. *Modelos normalizados*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite as persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Disposición adicional cuarta. *Regulacións sectoriais específicas*

1. Sen prexuízo da regulación contida neste decreto, as actividades de turismo activo que dispoñan dunha regulación propia oficial deben aterse á mesma.
2. As actividades de mergullo recreativo rexeranse pola súa normativa oficial específica.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio dos expedientes*

1. Os expedientes en curso na data de entrada en vigor deste decreto tramitaranse e resolveranse conforme as disposicións deste decreto.
2. As empresas de turismo activo inscritas no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas á entrada en vigor deste decreto deberán cumprir as prescricións contidas no mesmo. Non obstante, disporán do prazo de tres anos para adaptarse ao disposto nos artigos 16 e 17 no que respecta ás titulacións do persoal coordinador e monitor.
3. As empresas de turismo activo inscritas no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas á entrada en vigor deste decreto, e que de conformidade co disposto no artigo 1.2 do presente decreto xa non teñan a consideración de empresas de turismo activo, serán reclasificadas de oficio mediante resolución da Dirección da Axencia Turismo de



Galicia, como empresas de servizos turísticos complementarios, previstas no artigo 88 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Queda derogado o título III do Decreto 42/2001, de 1 de febreiro, de refundición en materia de axencias de viaxes, guías de turismo e turismo activo, así como as disposicións adicionais primeira e segunda do referido decreto.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*

Habílitase a persoa titular da Consellería de Cultura e Turismo para o desenvolvemento das disposicións contidas neste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, XXXX

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura e Turismo





Anexo I

Actividades de turismo activo

1. Actividades subacuáticas

1.1. Mergullo

1.2. Snorkel

2. Actividades náuticas

2.1. Navegación a vela en todas as súas modalidades

2.2. Windsurf

2.3. Surf

2.4. Piragüismo en todas as súas modalidades

2.5. Kayak en todas as súas modalidades

2.6. Canoa

2.7. Rafting

2.8. Hidrospeed

2.9. Bodyboard

2.10. Kite surf

2.11. Zorbing

3. Hípica.

3.1. Turismo e/ou ruta ecuestre

4. Ciclismo

4.1. Bicicleta de montaña

4.2. Cicloturismo

4.3. Ciclo-Rail

5. Actividades aéreas

5.1. Á Delta

5.2. Parapente

5.3. Veleiro (voo sen motor)

5.4. Globo aerostático

5.5. Puenting

5.6. Bunge Jumping

5.7. Paradescending

5.8. Rope Jumping

6. Actividades de montaña e escalada

6.1. Montañismo

6.2. Barranquismo

6.3. Escalada en rocha

6.4. Rápel.

6.5. Tirolina

6.6. Alpinismo

6.7. Ponte tibetana

6.8. Ponte mono

6.9. Slackline

6.10. Vía ferrata

6.11. Descenso de cañóns ou barrancos

6.12. Montañismo

6.13. Coastering

6.14. Escalada en xeo

7. Rutas a pé

7.1. Senderismo

7.2. Trekking

7.3. Marcha nórdica

8. Orientación

8.1. Carreira de orientación

9. Espeleoloxía

10. Tiro con arco

11. Actividades de neve

11.1. Esquí de fondo

11.2. Esquí de travesía

11.3. Excursións con raquetas de neve

11.4. Snowboard

11.5. Mushing